

**9960** *LEI 19/2006, do 5 de xuño, pola que se amplían os medios de tutela dos dereitos de propiedade intelectual e industrial e se establecen normas procesuais para facilitar a aplicación de diversos regulamentos comunitarios.* («BOE» 134, do 6-6-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### Exposición de motivos

#### I

A acción da Unión Europea, no ámbito da propiedade intelectual, centrouse principalmente en harmonizar o dereito substantivo nacional ou en crear dereitos unitarios directamente aplicables na Comunidade Europea, por considerar este ámbito de intervención prioritario para o éxito do mercado interior. Para completar esta actuación, resulta necesario avanzar no respecto efectivo dos dereitos de propiedade intelectual que foron harmonizados ou creados.

A Directiva 2004/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao respecto dos dereitos de propiedade intelectual, ten por obxectivo aproximar as lexislacións sobre os medios de tutela dos dereitos de propiedade intelectual para garantir un nivel de protección elevado, equivalente e homoxéneo no mercado interior. Baixo a denominación de propiedade intelectual tamén se recollen no dereito comunitario e, en particular, nesta directiva os dereitos que no ordenamento xurídico español se agrupan baixo a denominación de propiedade industrial. A efectividade da tutela xurisdiccional destes dereitos debe redundar tanto na promoción da innovación e a competitividade das empresas como no desenvolvemento cultural europeo. Débense ter en conta tamén as súas repercusións en ámbitos tan diversos como o emprego, a estabilidade dos mercados ou a protección dos consumidores. A directiva valora tamén aquela tutela xurisdiccional como unha forma de impedir perdas fiscais ou de garantir, en último termo, a orde pública.

Establécense así, na directiva, as medidas, procedementos e recursos necesarios para garantir, fronte a calquera infracción, a tutela efectiva dos dereitos de propiedade intelectual, tal e como estean previstos no dereito comunitario ou no dereito nacional do Estado membro correspondente.

#### II

En España, a regulación das medidas, procedementos e recursos que garanten o respecto á propiedade intelectual e á propiedade industrial, entendida no sentido máis amplo posible, ademais das accións de carácter penal previstas nos artigos 270 e seguintes do Código penal que son aplicables, contense na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil; no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril; na Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes; na Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, e na Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial.

As citadas leis procesuais e sectoriais deben ser modificadas para completar a transposición daquela norma comunitaria ao noso ordenamento xurídico interno, de modo que se poidan ofrecer, no ámbito dos dereitos de propiedade intelectual e industrial, medios adecuados e suficientes para a súa tutela xurisdiccional.

#### III

Baixo a denominación de dereito de información, a directiva considera necesario poder ofrecer, no ámbito do proceso civil, canles para obter información sobre a orixe e as redes de distribución das mercadorías ou servizos en que se concrete a infracción dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial. A lei encarreira a posibilidade de instar dun órgano xurisdiccional civil o requirimento desta información a través dunha nova dilixencia preliminar dentro do artigo 256 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, aínda que limita a súa posibilidade á preparación dun xuízo por unha infracción dun dereito de propiedade intelectual ou de propiedade industrial cometida mediante actos levados a cabo a escala comercial, isto é, aqueles realizados para obter beneficios económicos ou comerciais directos ou indirectos.

O acceso aos documentos bancarios, financeiros ou comerciais que estean baixo o control do presunto infractor é regulado como o contido propio doutra nova dilixencia preliminar, tamén neste caso en relación con infraccións dos dereitos de propiedade intelectual e industrial cometidas mediante actos realizados con fins comerciais. O contido desta dilixencia preliminar tamén se configura como dilixencia de proba para facilitar a obtención de probas no curso dun procedemento xudicial.

A regulación da práctica destas novas dilixencias está presidida pola dobre cautela de garantir a confidencialidade da información requirida e de evitar que os datos obtidos se poidan utilizar para fins distintos da preparación do xuízo.

Ao mesmo tempo, modifícase a regulación da resolución xudicial que acorde as medidas ante a negativa da persoa requirida a levar a cabo as dilixencias preliminares, para exixir a súa adopción mediante auto motivado e introducir o requisito de proporcionalidade.

A directiva exixiu da nosa norma procesual civil unha expresa admisión da posibilidade de acordar medidas de aseguramento da proba antes da iniciación do proceso e sen necesidade de oír previamente a quen fose ser demandado. A esta exixencia seguiu a conveniencia de regular detalladamente o procedemento para a adopción destas medidas. A regra xeral é a audiencia a quen deba soportar a medida; a excepción, atrasar o contraste contradictorio sobre a súa procedencia a un posterior incidente, que garante a defensa dos lexítimos intereses de quen deba soportala.

As previsións da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, relativas ao aseguramento da proba, ampliáanse respecto dos casos de infracción dos dereitos de propiedade intelectual e de propiedade industrial, á enumeración, a título indicativo, dalgunhas das medidas que o tribunal poderá adoptar.

#### IV

Fixose necesario tamén introducir modificacións nas leis especiais que regulan esta materia.

Para reparar o prexuízo sufrido a causa dunha infracción do dereito de propiedade intelectual ou de propiedade industrial, a directiva configura dous módulos de cálculo da indemnización por danos e perdas. O primeiro destes módulos comprende, de forma acumulativa, as consecuencias económicas negativas que sufrise a parte prexudicada e tamén o dano moral. Alternativamente, esta indemnización poderá consistir nunha cantidade global, baseada na remuneración que tería percibido o prexudicado se o infractor pedise autorización para utilizar o dereito de propiedade intelectual ou industrial en cuestión. Ademais, na determinación da contía indemnizatoria débense considerar os gastos realizados polo titular do dereito lesionado na investigación para a obtención de probas razoables da comisión da infracción. A introdución destes criterios e elementos implica modificar o artigo 140 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, apro-

bado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril; o artigo 66 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes; o artigo 43 da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, e o artigo 55 da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial.

Outra modificación, común a estas leis sectoriais, ten por finalidade ampliar o elenco de accións que pode exercer ante os órganos xurisdiccionais o titular do dereito de propiedade intelectual ou industrial infrinxido para a adopción de medidas, a expensas do infractor cando proceda, que están orientadas a impedir novas infraccións. Tamén é necesario recoñecer ao titular do dereito de propiedade intelectual ou de propiedade industrial infrinxido a posibilidade de instar accións para o cesamento da actividade ilícita e as medidas cautelares que procedan contra os intermediarios cuxos servizos sexan utilizados por terceiros para materializar a infracción. A plena adecuación destas previsións exige modificar os artigos 138 e 139 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, 63 e 135 da Lei de patentes, 41 da Lei de marcas e 53 da Lei de protección xurídica do deseño industrial.

A nova redacción do artigo 132 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, responde á existencia da directiva de establecer a favor dos titulares doutros dereitos de propiedade intelectual unha presunción similar á prevista en favor dos titulares de dereitos de autor no Convenio de Berna e no número 1 do artigo 6 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Coa finalidade de articular novas medidas disuasorias respecto á comisión de infraccións contra a propiedade intelectual, ampliase o catálogo de accións e medidas cautelares urxentes que o demandante pode exercer e solicitar. Réformase o artigo 138 para incorporar a posibilidade de instar a publicación total ou parcial da resolución xudicial ou arbitral á custa do infractor. Así mesmo, para previr unha infracción inminente, a medida cautelar recollida no artigo 141.2, consistente en suspender calquera actividade que lesione un dereito de propiedade intelectual, complétese coa posibilidade de prohibir esta actividade se aínda non foi iniciada.

Modifícanse determinados preceptos do título XIII da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, que rexen tamén nos xuízos sobre marcas e sobre deseño industrial, de conformidade coa Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, e coa Lei 7/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial. En beneficio dunha maior claridade do réxime aplicable, convén precisar no artigo 129 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, que as dilixencias de comprobación dos feitos previstas nesta lei enténdense sen prexuízo das dilixencias preliminares reguladas na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

Ademais, ampliase o catálogo de medidas cautelares contido no artigo 134 ao incorporar a orientada a prohibir os actos que violen o dereito do peticionario, ante a inminencia dunha infracción.

A modificación do número 1 do artigo 139 responde á necesidade de establecer a debida concordancia coas previsións da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, respecto á determinación do prazo para a presentación da demanda principal cando as medidas cautelares adoptadas se soliciten con anterioridade á presentación da demanda.

Ao mesmo propósito de adecuación á regulación procesual civil tras a reforma introducida pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, e os cambios operados no dereito de patentes desde que se promulgou a Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, responde a derogación do artigo 128 desta última, que actualmente perdeu a súa razón de ser e constitúe unha excepción dentro dos principios que inspiran a actividade probatoria e o auxilio procesual do xulgador no proceso civil.

Finalmente, a modificación do artigo 54 da Lei 7/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, vén determinada pola existencia de actualizar as referen-

cias aos artigos da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

## V

Mediante a disposición derradeira cuarta incorpóranse dúas novas disposicións derradeiras á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, que responden á necesidade de establecer medidas que faciliten a aplicación en España do Regulamento (CE) n.º 805/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, polo que se establece un título executivo europeo para créditos non impugnados, e do Regulamento (CE) n.º 2201/2003 do Consello, do 27 de novembro de 2003, relativo á competencia, ao recoñecemento e á execución de resolucións xudiciais en materia matrimonial e de responsabilidade parental, polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1347/2000.

## VI

Esta lei dítase ao abeiro das competencias que a Constitución española lle atribúe ao Estado no artigo 149.1.6.ª e 9.ª por afectar a lexislación procesual e a lexislación de propiedade intelectual e industrial.

**Artigo primeiro.** *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, modifícase nos seguintes termos:

Un. No número 1 do artigo 256, o actual número 7.º pasa a ser o 9.º e introdúcese dous novos números, o 7.º e o 8.º, coa seguinte redacción:

«7.º Mediante a solicitude, formulada por quen pretenda exercer unha acción por infracción dun dereito de propiedade intelectual ou dun dereito de propiedade intelectual cometida mediante actos desenvolvidos a escala comercial, de dilixencias de obtención de datos sobre a orixe e redes de distribución das mercadorías ou servizos que infrinxen un dereito de propiedade intelectual ou de propiedade industrial e, en particular, os seguintes:

a) Os nomes e enderezos dos produtores, fabricantes, distribuidores, subministradores e prestadores das mercadorías e servizos, así como dos que, con fins comerciais, estivesen en posesión das mercadorías.

b) Os nomes e enderezos dos comerciantes por xunto e a retallo aos cales se lles distribúen as mercadorías ou servizos.

c) As cantidades producidas, fabricadas, entregadas, recibidas ou encargadas, e as cantidades satisfeitas como prezo polas mercadorías ou servizos de que se trate e os modelos e características técnicas das mercadorías.

As dilixencias consistirán no interrogatorio de:

a) Quen o solicitante considere autor da violación.

b) Quen, a escala comercial, prestase ou utilizase servizos ou estivese en posesión de mercadorías que puidesen ter lesionado os dereitos de propiedade industrial ou intelectual.

c) Quen, a escala comercial, utilizase servizos ou estivese en posesión de mercadorías que puidesen ter lesionado os dereitos de propiedade industrial ou intelectual.

d) Aquel a quen os anteriores atribúen intervención nos procesos de produción, fabricación, distribución ou prestación daquelas mercadorías e servizos.

A solicitude destas dilixencias poderase estender ao requirimento de exhibición de todos aqueles

documentos que acrediten os datos sobre os cales o interrogatorio verse.

8.º Por petición de quen pretenda exercer unha acción por infracción dun dereito de propiedade industrial ou dun dereito de propiedade intelectual cometida mediante actos desenvolvidos a escala comercial, da exhibición dos documentos bancarios, financeiros, comerciais ou aduaneiros, producidos nun determinado tempo e que se presuman en poder de quen sería demandado como responsable. A solicitude deberá ir acompañada dun principio de proba da realidade da infracción que poderá consistir na presentación dunha mostra dos exemplares, mercadorías ou produtos en que materialice aquela infracción. O solicitante poderá pedir que o secretario expida testemuño dos documentos exhibidos se o requirido non estivese disposto a desprenderse do documento para a súa incorporación á dilixencia practicada. Igual solicitude poderá formular en relación co establecido no último parágrafo do número anterior.

Para os efectos dos números 7.º e 8.º deste punto, enténdese por actos desenvolvidos a escala comercial aqueles que son realizados para obter beneficios económicos ou comerciais directos ou indirectos.»

Dous. O número 1 do artigo 257 queda redactado do seguinte modo:

«1. Será competente para resolver sobre as peticións e solicitudes a que se refire o artigo anterior o xuíz de primeira instancia ou do mercantil, cando proceda, do domicilio da persoa que, se é o caso, tivese que declarar, exhibir ou intervir doutro modo nas actuacións que se acordasen para preparar o xuízo.

Nos casos dos puntos 6.º, 7.º, 8.º e 9.º do número 1 do artigo anterior, será competente o tribunal ante o cal se deba presentar a demanda determinada. Se, nestes casos, se solicitasen novas dilixencias, a raíz do resultado das ata entón practicadas, poderán instarse do mesmo tribunal ou ben do que, a raíz dos feitos coñecidos na anterior dilixencia, resultaría competente para coñecer da mesma pretensión ou de novas pretensións que puidesen eventualmente acumularse.»

Tres. Engádense dous novos números, o 3 e o 4, ao artigo 259, coa seguinte redacción:

«3. No caso das dilixencias do artigo 256.1.7.º, para garantir a confidencialidade da información requirida, o tribunal poderá ordenar que a práctica do interrogatorio se celebre a porta pechada. Esta decisión adoptárase na forma establecida no artigo 138.3 e por solicitude de calquera que acredite interese lexítimo.

4. A información obtida mediante as dilixencias dos números 7.º e 8.º do número 1 do artigo 256 utilizarase exclusivamente para a tutela xurisdiccional dos dereitos de propiedade industrial ou de propiedade intelectual do solicitante das medidas, coa prohibición de divulgala ou comunicala a terceiros. Por instancia de calquera interesado, o tribunal poderá atribuír carácter reservado ás actuacións, para garantir a protección dos datos e información que tivesen carácter confidencial.»

Catro. O artigo 261 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 261. *Negativa a levar a cabo as dilixencias.*

Se a persoa citada e requirida non atendese o requirimento nin formulase oposición, o tribunal acordará, cando resulte proporcionado, as seguintes medidas, por medio dun auto, no cal expresará as razóns que as exixen:

1.ª Se se pedise declaración sobre feitos relativos á capacidade, representación ou lexitimación do citado, poderanse ter por respondidas afirmativamente as preguntas que o solicitante pretendese formularlle e os feitos correspondentes consideraranse admitidos para efectos do xuízo posterior.

2.ª Se se solicitase a exhibición de títulos e documentos e o tribunal apreciase que existen indicios suficientes de que se poden encontrar nun lugar determinado, ordenará a entrada e rexistro do dito lugar, procedéndose, se se encontrasen, a ocupar os documentos e a poñelos á disposición do solicitante, na sede do tribunal.

3.ª Se se tratase da exhibición dunha cousa e se coñecese ou presumise fundadamente o lugar en que se encontra, procederase de modo semellante ao disposto no número anterior e presentarase a cousa ao solicitante, que poderá pedir o depósito ou medida de garantía máis adecuada á conservación daquela.

4.ª Se se pedise a exhibición de documentos contables, poderanse ter por certos, para os efectos do xuízo posterior, as contas e datos que presente o solicitante.

5.ª Tratándose das dilixencias previstas no artigo 256.1.6.º, ante a negativa do requirido ou de calquera outra persoa que puidese colaborar na determinación dos integrantes do grupo, o tribunal ordenará que se acorden as medidas de intervención necesarias, incluída a de entrada e rexistro, para encontrar os documentos ou datos precisos, sen prexuízo da responsabilidade penal en que se puidese incurrir por desobediencia á autoridade xudicial. Iguais medidas ordenará o tribunal nos casos dos puntos 5 bis, 7.º e 8.º do número 1 do artigo 256, ante a negativa do requirido á exhibición de documentos.»

Cinco. O artigo 263 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 263. *Dilixencias preliminares previstas en leis especiais.*

Cando se trate das dilixencias a que se refire o artigo 256.1.9.º, os preceptos deste capítulo aplicaranse no que non se opoña ao disposto na lexislación especial sobre a materia de que se trate.»

Seis. Modifícase o número 2 do artigo 297 e engádense un número 4 coa seguinte redacción:

«2. As medidas consistirán nas disposicións que, a xuízo do tribunal, permitan conservar cousas ou situacións ou facer constar fidedignamente a súa realidade e características. Para os fins de aseguramento da proba, poderán tamén dirixirse mandatos de facer ou non facer, baixo apercibimento de proceder, en caso de infrinxilos, por desobediencia á autoridade.

Nos casos de infracción dos dereitos de propiedade industrial e de propiedade intelectual, unha vez o solicitante das medidas presentase aquelas probas da infracción razoablemente dispoñibles, tales medidas poderán consistir en especial na descrición detallada, con ou sen toma de mostras, ou a incautación efectiva das mercadorías e obxectos litixiosos, así como dos materiais e instrumentos utilizados na produción ou na distribución destas mercadorías e dos documentos relacionados con elas.»

«4. Cando as medidas de aseguramento da proba se acordasen antes do inicio do proceso, quedarán sen efecto se o solicitante non presenta a súa demanda no prazo dos vinte días seguintes á data da efectiva adopción das medidas de aseguramento acordadas. O tribunal, de oficio, acordará mediante auto que se alcen ou revoguen os actos de cumprimento que fosen realizados, condenará o solicitante nas custas e declarará que é responsable dos danos e

perdas que lle producise ao suxeito respecto do cal se adoptaron as medidas.»

Sete. Modifícase a rúbrica do artigo 298 e engádense a este artigo os números 4, 5, 6, 7 e 8 coa seguinte redacción:

«Artigo 298. *Requisitos. Procedemento para a adopción das medidas de aseguramento da proba. Contracautelas.*».

4. As medidas de aseguramento da proba adoptaranse logo de audiencia da persoa que teña que soportala. Se se solicitasen unha vez iniciado o proceso, tamén se oír o demandado. Só quen for ser demandado ou xa o tiver sido poderá aducir, ao opoñerse á súa adopción, a imposibilidade, impertinencia ou inutilidade da proba.

5. Non obstante o disposto no punto anterior, cando sexa probable que o atraso derivado da audiencia previa ocasione danos irreparables ao dereito do solicitante da medida ou cando exista un risco demostrable de que se destrúan probas ou se imposibilite doutro modo a súa práctica se así se solicita, o tribunal poderá acordar a medida sen máis trámites, mediante providencia. A providencia precisará, separadamente, os requisitos que a exixiron e as razóns que conduciron a acordala sen audiencia do demandado ou de quen vaia ser demandado. Contra esta providencia non se pode recorrer e seralles notificada ás partes e a quen tiver que soportala sen dilación e, de non ser posible antes, inmediatamente despois da execución das medidas.

6. Se a medida de aseguramento se adoptase sen audiencia previa, quen for ser demandado ou xa o tiver sido ou quen tiver que soportala poderán formular oposición no prazo de vinte días, desde a notificación da providencia que a acordou.

7. A oposición á medida poderá fundarse na inexistencia de riscos de danos irreparables no dereito para a futura práctica da proba, así como na posibilidade de acordar outras medidas igualmente conducentes que resulten menos gravosas. Tamén se poderá substituír pola caución prevista no número 3. Só quen for ser demandado ou xa o tiver sido poderá aducir a imposibilidade, impertinencia ou inutilidade da proba.

8. Do escrito de oposición daráselle traslado ao solicitante e, se é o caso, ao xa demandado ou a quen tiver que soportar a medida. Todos eles serán citados a unha vista, no prazo de cinco días, tras cuxa celebración se decidirá sobre a oposición, no prazo de tres días, por medio dun auto que non é susceptible de recurso.»

Oito. Incorpórase un novo número, o 3, ao artigo 328 coa seguinte redacción:

3. Nos procesos seguidos por infracción dun dereito de propiedade industrial ou dun dereito de propiedade intelectual, cometida a escala comercial, a solicitude de exhibición poderá estenderse, en particular, aos documentos bancarios, financeiros, comerciais ou aduaneiros producidos nun determinado período de tempo e que se presuman en poder do demandado. A solicitude deberá ir acompañada dun principio de proba que poderá consistir na presentación dunha mostra dos exemplares, mercadorías ou produtos en que se materializase a infracción. Por instancia de calquera interesado, o tribunal poderá atribuír carácter reservado ás actuacións, para garantir a protección dos datos e información que tivesen carácter confidencial.»

Nove. O número 2 do artigo 733 queda redactado como segue:

2. Non obstante o disposto no punto anterior, cando o solicitante así o pida e acredite que cono-

rren razóns de urxencia ou que a audiencia previa pode comprometer o bo fin da medida cautelar, o tribunal poderá acordala sen máis trámites mediante auto, no prazo de cinco días, no cal razoará por separado sobre a concorrencia dos requisitos da medida cautelar e as razóns que aconsellaron acordala sen oír o demandado.

Contra o auto que acorde medidas cautelares sen previa audiencia do demandado non caberá ningún recurso e aplicarase o disposto no capítulo III deste título. O auto será notificado ás partes sen dilación e, de non ser posible antes, inmediatamente despois da execución das medidas.»

**Artigo segundo.** *Modificación do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.*

O texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 132 queda redactado como segue:

«Artigo 132. *Aplicación subsidiaria de disposicións do libro I.*

As disposicións contidas no artigo 6.1, na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III do título II e no capítulo II do título III, ambos do libro I, aplicaranse, con carácter subsidiario e no pertinente, aos outros dereitos de propiedade intelectual regulados neste libro.»

Dous. O artigo 138 queda redactado como segue:

«Artigo 138. *Accións e medidas cautelares urxentes.*

O titular dos dereitos recoñecidos nesta lei, sen prexuízo doutras accións que lle correspondan, poderá instar o cesamento da actividade ilícita do infractor e exixir a indemnización dos danos materiais e morais causados, nos termos previstos nos artigos 139 e 140. Tamén poderá instar a publicación ou difusión, total ou parcial, da resolución xudicial ou arbitral en medios de comunicación á custa do infractor.

Así mesmo, poderá solicitar con carácter previo a adopción das medidas cautelares de protección urxente reguladas no artigo 141.

Tanto as medidas de cesamento específicas establecidas no artigo 139.1.g) como as medidas cautelares previstas no artigo 141.6 poderán tamén solicitarse, cando sexan apropiadas, contra os intermediarios a cuxos servizos recorra un terceiro para infrinxir dereitos de propiedade intelectual recoñecidos nesta lei, aínda que os actos destes intermediarios non constituán en si mesmos unha infracción, sen prexuízo do disposto na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico. Estas medidas deberán ser obxectivas, proporcionadas e non discriminatorias.»

Tres. Modifícase a redacción das alíneas c) e d) e engádense unha nova alínea g) ao número 1 do artigo 139:

c) A retirada do comercio dos exemplares ilícitos e a súa destrución, incluíndo aqueles en que fose suprimida ou alterada sen autorización a información electrónica para a xestión de dereitos ou cuxa protección tecnolóxica fose eludida. Esta medida executarase a expensas do infractor, salvo que se aleguen razóns fundadas para que non sexa así.

d) A retirada dos circuitos comerciais, inutilización, e, en caso necesario, a destrución dos moldes, pranchas, matrices, negativos e demais elementos materiais, equipamentos ou instrumentos destinados principalmente á reprodución, á creación ou fabricación de exemplares ilícitos. Esta medida executarase

a expensas do infractor, salvo que se aleguen razóns fundadas para que non sexa así.»

«g) A suspensión dos servizos prestados por intermediarios a terceiros que se vallan deles para infrinxir dereitos de propiedade intelectual, sen prexuízo do disposto na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.»

Catro. O artigo 140 queda redactado como segue:

«Artigo 140. *Indemnización.*

1. A indemnización por danos e perdas debida ao titular do dereito infrinxido comprenderá non só o valor da perda que sufrise, senón tamén o da ganancia que deixase de obter como causa da violación do seu dereito. A contía indemnizatoria poderá incluír, se o caso, os gastos de investigación nos cales se incorrese para obter probas razoables da comisión da infracción obxecto do procedemento xudicial.

2. A indemnización por danos e perdas fixarase, á elección do prexudicado, conforme algún dos criterios seguintes:

a) As consecuencias económicas negativas, entre elas a perda de beneficios que sufrise a parte prexudicada e os beneficios que o infractor obtívese pola utilización ilícita.

No caso de dano moral procederá a súa indemnización, aínda non probada a existencia de prexuízo económico. Para a súa valoración atenderase ás circunstancias da infracción, gravidade da lesión e grao de difusión ilícita da obra.

b) A cantidade que como remuneración percíbese o prexudicado, se o infractor pedise autorización para utilizar o dereito de propiedade intelectual en cuestión.

3. A acción para reclamar os danos e perdas a que se refire este artigo prescribirá aos cinco anos desde que o lexitimado puido exercela.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 141 nos seguintes termos:

«2. A suspensión da actividade de reprodución, distribución e comunicación pública, segundo proceda, ou de calquera outra actividade que constitúa unha infracción para os efectos desta lei, así como a prohibición destas actividades se aínda non se puxeron en práctica.»

**Artigo terceiro.** *Modificación da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.*

Un. Refórmase o artigo 63 coa seguinte redacción:

«Artigo 63.

1. O titular cuxo dereito de patente sexa lesionado poderá, en especial, solicitar:

a) O cesamento dos actos que violen o seu dereito.

b) A indemnización dos danos e perdas sufridos.

c) O embargo dos obxectos producidos ou importados coa violación do seu dereito e dos medios principalmente destinados a tal produción ou á realización do procedemento patentado.

d) A atribución en propiedade dos obxectos ou medios embargados en virtude do disposto no punto anterior cando sexa posible; neste caso imputaráselle o valor dos bens afectados ao importe da indemnización de danos e perdas. Se o valor mencionado excede o importe da indemnización concedida, o titular da patente deberá compensar a outra parte polo exceso.

e) A adopción das medidas necesarias para evitar que prosiga a violación da patente e, en particular, a transformación dos obxectos ou medios embargados en virtude do disposto na alínea c), ou a súa destrución cando iso fose indispensable para impedir a violación da patente.

f) A publicación da sentenza condenatoria do infractor da patente, á custa do condenado, mediante anuncios e notificacións ás persoas interesadas. Esta medida só será aplicable cando a sentenza así o aprecie expresamente.

2. As medidas comprendidas nas alíneas c) e e) serán executadas a cargo do infractor, salvo que se aleguen razóns fundadas para que non sexa así.

3. As medidas establecidas nas alíneas a) e e) do número 1 deste artigo poderán tamén solicitarse, cando sexan apropiadas, contra os intermediarios a cuxos servizos recorra un terceiro para infrinxir dereitos de patente, aínda que os actos destes intermediarios non constitúan en si mesmos unha infracción, sen prexuízo do disposto na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico. Estas medidas deberán ser obxectivas, proporcionadas e non discriminatorias.»

Dous. Os números 1 e 2 do artigo 66 quedan redactados como segue:

«1. A indemnización de danos e perdas debida ao titular da patente comprenderá non só o valor da perda que sufrise, senón tamén o da ganancia que deixase de obter o titular como causa da violación do seu dereito. A contía indemnizatoria poderá incluír, se é o caso, os gastos de investigación nos cales se incorrese para obter probas razoables da comisión da infracción obxecto do procedemento xudicial.

2. Para fixar a indemnización por danos e perdas teranse en conta, á elección do prexudicado:

a) As consecuencias económicas negativas, entre elas os beneficios que o titular obtería previsiblemente da explotación da invención patentada se non existise a competencia do infractor e os beneficios que este último obtívese da explotación do invento patentado.

No caso de dano moral procederá a súa indemnización, aínda non probada a existencia de prexuízo económico.

b) A cantidade que como prezo o infractor debese pagar ao titular da patente pola concesión dunha licenza que lle permitise levar a cabo a súa explotación conforme dereito.

Para a súa fixación terase en conta especialmente, entre outros factores, a importancia económica do invento patentado, a duración da patente no momento en que comezou a violación e o número e clase de licenzas concedidas nese momento.»

Tres. O número 1 do artigo 129 queda redactado como segue:

«1. A persoa lexitimada para exercer as accións derivadas da patente poderalle pedir ao xuíz que con carácter urxente acorde a práctica de dilixencias para a comprobación de feitos que poidan constituír violación do dereito exclusivo outorgado pola patente, sen prexuízo das que se poidan solicitar ao amparo do artigo 256.1 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de auxuzamento civil.»

Catro. A primeira medida cautelar do artigo 134 queda redactada como segue:

«1.ª) A cesación dos actos que violen o dereito do peticionario ou a súa prohibición, cando existan indicios racionais para supor a inminencia destes actos.»

Cinco. O artigo 135 redáctase nos seguintes termos:

«Artigo 135.

As medidas cautelares a que se refire o número 1 do artigo anterior poderán tamén solicitarse, cando sexan apropiadas, contra os intermediarios a cuxos servizos recorra un terceiro para infrinxir dereitos de patente, aínda que os actos destes intermediarios non constitúan en si mesmos unha infracción, sen prexuízo do disposto na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico. Estas medidas deberán ser obxectivas, proporcionadas e non discriminatorias.»

Seis. O número 1 do artigo 139 queda redactado como segue:

«1. No caso de formularse a petición de medidas cautelares antes de exercerse a acción principal, quedarán sen efecto na súa totalidade se a demanda non se presentase no prazo previsto no artigo 730.2 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.»

**Artigo cuarto.** *Modificación da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.*

A Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 41 e engádesse o número 3 coa seguinte redacción:

«Artigo 41. *Accións civís que pode exercer o titular da marca.*

1. En especial, o titular cuxo dereito de marca sexa lesionado poderá reclamar na vía civil:

a) O cesamento dos actos que violen o seu dereito.

b) A indemnización dos danos e perdas sufridos.

c) A adopción das medidas necesarias para evitar que prosiga a violación e, en particular, que se retiren do tráfico económico os produtos, embalaxes, envoltorios, material publicitario, etiquetas ou outros documentos nos cales se materializase a violación do dereito de marca e o embargo ou a destrución dos medios principalmente destinados a cometer a infracción. Estas medidas executaranse á custa do infractor, salvo que se aleguen razóns fundadas para que non sexa así.

d) A destrución ou cesión con fins humanitarios, se fose posible, á elección do demandante, e á custa sempre do condenado, dos produtos ilícitamente identificados coa marca que estean en posesión do infractor, salvo que a natureza do produto permita a eliminación do signo distintivo sen afectar o produto ou a destrución do produto produza un prexuízo desproporcionado ao infractor ou ao propietario, segundo as circunstancias específicas de cada caso apreciadas polo tribunal.

e) A atribución en propiedade dos produtos, materiais e medios embargados en virtude do disposto na alínea c) cando sexa posible; neste caso imputarase o valor dos bens afectados ao importe da indemnización de danos e perdas. Se o valor mencionado excedese o importe da indemnización concedida, o titular do dereito de marca deberá compensar a outra parte polo exceso.

f) A publicación da sentenza á custa do condenado mediante anuncios e notificacións ás persoas interesadas.»

«3. As medidas recollidas nas alíneas a) e c) do número 1 deste artigo poderán tamén solicitarse, cando sexan apropiadas, contra os intermediarios a cuxos servizos recorra un terceiro para infrinxir dereitos de marca, aínda que os actos destes intermediarios non constitúan en si mesmos unha infracción, sen prexuízo do disposto na Lei 34/2002, do 11 de

xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico. Estas medidas deberán ser obxectivas, proporcionadas e non discriminatorias.»

Dous. Os números 1 e 2 do artigo 43 quedan redactados como segue:

«1. A indemnización de danos e perdas comprenderá non só as perdas sufridas, senón tamén as ganancias deixadas de obter polo titular do rexistro da marca causa da violación do seu dereito. O titular do rexistro de marca tamén poderá exixir a indemnización do prexuízo causado ao prestixio da marca polo infractor, especialmente por unha realización defectuosa dos produtos ilícitamente marcados ou unha presentación inadecuada daquela no mercado. Así mesmo, a contía indemnizatoria poderá incluír, se é o caso, os gastos de investigación en que se incorrese para obter probas razoables da comisión da infracción obxecto do procedemento xudicial.

2. Para fixar a indemnización por danos e perdas terase en conta, á elección do prexudicado:

a) As consecuencias económicas negativas, entre elas os beneficios que o titular obtería mediante o uso da marca se non tivese lugar a violación e os beneficios que obtívese o infractor como consecuencia da violación.

No caso de dano moral procederá a súa indemnización, aínda non probada a existencia de prexuízo económico.

b) A cantidade que como prezo o infractor debese pagar ao titular pola concesión dunha licenza que lle permitise levar a cabo a súa utilización conforme dereito.»

**Artigo quinto.** *Modificación da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial.*

A Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícanse as alíneas c) e e) do número 1 do artigo 53 e engádesse o número 3 coa seguinte redacción:

«c) A adopción das medidas necesarias para evitar que prosiga a actividade infractora e, en particular, que se retiren do tráfico económico os produtos nos cales se materializase a violación do seu dereito e o embargo ou a destrución dos medios principalmente destinados a cometer a infracción. Estas medidas executaranse a expensas do infractor, salvo que se aleguen razóns fundadas para que non sexa así.»

«e) Alternativamente, a entrega dos medios ou dos obxectos a que se refiren as alíneas c) e d) do número 1, a prezo de custo e á conta da súa correspondente indemnización de danos e perdas, cando sexa posible e esta medida resulte proporcionada tendo en conta as circunstancias da infracción apreciadas polo tribunal. Se o seu valor excedese o importe da indemnización concedida, o titular do deseño deberá compensar a outra parte polo exceso.»

«3. As medidas establecidas nas alíneas a) e c) do número 1 deste artigo poderán tamén solicitarse, cando sexan apropiadas, contra os intermediarios a cuxos servizos recorra un terceiro para infrinxir dereitos recoñecidos nesta lei, aínda que os actos destes intermediarios non constitúan en si mesmos unha infracción, sen prexuízo do disposto na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico. Estas medidas deberán ser obxectivas, proporcionadas e non discriminatorias.»

Dous. Os números 1, 2 e 4 do artigo 55 quedan redactados como segue:

«1. A indemnización de danos e perdas comprenderá non só as perdas sufridas, senón tamén as

ganancias deixadas de obter polo titular do deseño como causa da violación do seu dereito. O titular do deseño rexistrado tamén poderá exixir a indemnización do prexuízo causado ao prestixio do deseño polo infractor, especialmente por unha realización defectuosa dos produtos ilícitamente comercializados, a realización defectuosa das imitacións ou as condicións en que tivese lugar a súa comercialización. Así mesmo, a contía indemnizatoria poderá incluír, se é o caso, os gastos de investigación nos cales se incorrese para obter probas razoables da comisión da infracción obxecto do procedemento xudicial.

2. Para fixar a indemnización por danos e perdas terase en conta, á elección do prexudicado:

a) As consecuencias económicas negativas, entre elas os beneficios que o titular obtería da explotación do deseño se non tivese lugar a violación do seu dereito e os beneficios obtidos polo infractor como consecuencia da violación do dereito do titular do deseño rexistrado.

No caso de dano moral procederá a súa indemnización, aínda non probada a existencia de prexuízo económico.

b) A cantidade que como prezo o infractor debese pagar ao titular do deseño pola concesión dunha licenza que lle permitiría levar a cabo a explotación do deseño conforme dereito.»

«4. Para fixar a contía dos danos e perdas sufridos, o titular do deseño poderá exixir, de conformidade co previsto no artigo 256.1.9.º e no artigo 328 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, a exhibición dos documentos do presunto responsable da vulneración do dereito, que poidan servir para aquela finalidade.»

#### **Disposición transitoria única.** *Procesos xurisdiccionais.*

Os procesos xurisdiccionais incoados antes da entrada en vigor desta lei tramitaranse conforme as normas procesuais vixentes coa anterioridade a ela.

#### **Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Queda derogado o artigo 128 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.

#### **Disposición derradeira primeira.** *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, alíneas 6.ª e 9.ª da Constitución, relativas á lexislación procesual e á lexislación de propiedade intelectual e industrial, respectivamente.

#### **Disposición derradeira segunda.** *Incorporación de dereito comunitario.*

Esta lei incorpora ao dereito español as disposicións da Directiva 2004/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao respecto dos dereitos de propiedade intelectual.

#### **Disposición derradeira terceira.** *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

Introdúcese un número 5.º bis no artigo 256 da Lei de axuízamento civil coa seguinte redacción:

«5.º bis. Pola petición da historia clínica ao centro sanitario ou profesional que a custodie, nas condicións e co contido que establece a lei.»

#### **Disposición derradeira cuarta.** *Medidas para facilitar a aplicación en España de diversos regulamentos comunitarios en materia de cooperación xudicial civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, modifícase nos seguintes termos:

Un. A actual disposición derradeira vixésimo primeira pasa a ser a vixésimo terceira e introdúcese unha nova disposición derradeira vixésimo primeira coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira vixésimo primeira. *Medidas para facilitar a aplicación en España do Regulamento (CE) n.º 805/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, polo que se establece un título executivo europeo para créditos non impugnados.*

1. A certificación xudicial dun título executivo europeo adoptárase de forma separada e mediante providencia, na forma prevista no anexo I do Regulamento (CE) n.º 805/2004.

A competencia para certificar un título executivo europeo corresponde ao mesmo tribunal que ditou a resolución.

O procedemento para a rectificación de erros nun título executivo europeo previsto no artigo 10.1.a) do Regulamento (CE) n.º 805/2004 resolverase na forma prevista nos tres primeiros puntos do artigo 267 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

O procedemento para a revogación da emisión dun certificado dun título executivo europeo a que se refire o artigo 10.1.b) do Regulamento (CE) n.º 805/2004 tramitarase e resolverase de conformidade co previsto para o recurso de reposición regulado na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, coa independencia da orde xurisdicional a que pertenza o tribunal.

A denegación de emisión dun certificado de título executivo europeo adoptárase de forma separada e mediante providencia, e poderase impugnar polos trámites do recurso de reposición.

2. Para a certificación como título executivo europeo de resolucións xudiciais que aproben ou homologuen transaccións aplicarase o punto anterior, e efectuarase na forma prevista no anexo II do Regulamento (CE) n.º 805/2004.

3. Compételle ao notario autorizante, ou a quen legalmente o substitúa ou suceda no seu protocolo, a expedición do certificado previsto no artigo 25.1 e no anexo III do Regulamento (CE) n.º 805/2004. Desta expedición deixará constancia mediante nota na matriz ou póliza, e arquivará o orixinal que circulará mediante copia.

Corresponderalle ao notario en cuxo protocolo se encontre o título executivo europeo certificado expedir o relativo á súa rectificación por erro material e o de revogación previstos no artigo 10.1 do Regulamento (CE) n.º 805/2004, así como o derivado da falta ou limitación de executividade, segundo se establece no artigo 6.2 e no anexo IV do mesmo regulamento.

Exceptúase a perda de executividade derivada dunha resolución xudicial, para cuxa certificación se aplicará o número 1 desta disposición adicional.

En todo caso, deberá constar na matriz ou póliza a rectificación, revogación, falta ou limitación de executividade.

A negativa do notario á expedición dos certificados requiridos poderá ser impugnada polo interesado ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado polos trámites do recurso de queixa previsto na lexislación notarial. Contra a resolución deste órgano directivo poderá interpoñerse recurso, en única instancia, ante o xuíz de primeira instancia da capital da

provincia onde teña o seu domicilio o notario, o cal se resolverá polos trámites do xuízo verbal.

4. A certificación a que se refire o anexo V do Regulamento (CE) n.º 805/2004 será expedida polo órgano administrativo ou xurisdiccional que ditase a resolución.

5. A competencia territorial para a execución de resolucións, transaccións xudiciais e documentos públicos certificados como título executivo europeo corresponderá ao xulgado de primeira instancia do domicilio do demandado ou do lugar de execución.

6. O Goberno adoptará as normas precisas para o desenvolvemento desta disposición adicional.»

Dous. Introdúcese unha nova disposición derradeira vixésimo segunda coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira vixésimo segunda. *Medidas para facilitar a aplicación en España do Regulamento (CE) n.º 2201/2003 do Consello, do 27 de novembro de 2003, relativo á competencia, o recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais en materia matrimonial e de responsabilidade parental, polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1347/2000.*

1. A certificación xudicial relativa ás resolucións xudiciais en materia matrimonial e en materia de responsabilidade parental, prevista no artigo 39 do Regulamento (CE) n.º 2201/2003, expedirase de forma separada e mediante providencia, cubrindo o formulario correspondente que figura nos anexos I e II do regulamento citado.

2. A certificación xudicial relativa ás resolucións xudiciais sobre o dereito de visita, previstas no número 1 do artigo 41 do Regulamento (CE) n.º 2201/2003, expedirase de forma separada e mediante providencia, cubrindo o formulario que figura no anexo III do dito regulamento.

3. A certificación xudicial relativa ás resolucións xudiciais sobre a restitución do menor, previstas no número 1 do artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 2201/2003, expedirase de forma separada e mediante providencia, cubrindo o formulario que figura no anexo IV do regulamento citado.

4. O procedemento para a rectificación de erros na certificación xudicial, previsto no artigo 43.1 do Regulamento (CE) n.º 2001/2003, resolverase da forma establecida nos tres primeiros puntos do artigo 267 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. O mesmo procedemento se observará para a rectificación da certificación xudicial a que se refire o número 1 desta disposición derradeira.

Non caberá ningún recurso contra a resolución en que se resolva sobre a aclaración ou rectificación da certificación xudicial a que se refiren os tres anteriores puntos.

5. A denegación da expedición da certificación xudicial a que se refiren os números 1, 2 e 3 desta disposición derradeira adoptarase de forma separada e mediante providencia, e poderase impugnar polos trámites do recurso de reposición.»

**Disposición derradeira quinta.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**9961**

*LEI 20/2006, do 5 de xuño, de modificación da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público.* («BOE» 134, do 6-6-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A estruturación do sector público empresarial estatal, desde que en 1941 se creou o Instituto Nacional de Industria, pasou por diversas etapas. En cada unha delas, adoptáronse as decisións que se consideraron máis coherentes co contexto económico, xurídico e social, sobre as bases dos principios de eficiencia e racionalización. A última modificación substancial neste ámbito foi a realizada polo Real decreto lei 15/1997, do 5 de setembro, polo que se modificou a Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público. Como resulta da exposición de motivos desta norma, o que naquel momento se pretendeu foi a reestruturación do sector público industrial español desde a perspectiva dun accionista único, controlador dun grupo económico auto-suficiente e carente de apoio orzamentario.

Transcorridos oito anos desde a última norma citada, a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) entrou nunha nova etapa empresarial na cal o principio de autonomía orzamentaria non pode xa ser mantido.

En consecuencia, e sempre dentro do pleno respecto ao dereito comunitario, faise necesario modificar o réxime financeiro da Sociedade Estatal e das súas empresas, que estaba deseñado seguindo fundamentalmente o esquema de privatización xeneralizada do sector público empresarial estatal.

Polo exposto, o artigo 1 da Lei dá nova redacción aos números 3 e 4 do artigo 12 da citada Lei 5/1996 e engádelle a este un novo número 7. Neste precepto, que fixa o réxime xurídico e patrimonial da Sociedade Estatal de Participacións Industriais, introdúcese dúas novidades importantes: dun lado, a posibilidade de que esta Sociedade Estatal poida ser financiada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, que se xustifica pola necesidade de dispoñer de fondos que pola súa contía non pode obter por si mesmo o grupo estatal; doutro lado, e en coherencia co anterior, suprimese a actual prohibición legal de que a SEPI e as súas empresas poidan recibir achegas ou garantías das administracións públicas.

Adicionalmente, no novo punto que se engade, atribúeselles ás débedas contraídas pola Sociedade Estatal de Participacións Industriais para a captación de fondos mediante emisión de valores de renda fixa unha garantía similar á que actualmente desfruta o Instituto de Crédito Oficial segundo a disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira. Unha norma con este contido permitirá que o financiamento procedente do sector privado se consiga optimizando os recursos, así como manter a calidade financeira da débeda do grupo público.

O artigo 2 engade un novo punto 4 ao artigo 13 da Lei 5/1996 que trata de incorporar ás sociedades mercantís do grupo SEPI un instrumento societario xa existente na Lei de sociedades anónimas para as sociedades cotizadas como é o das accións rescatables. Preténdese así que estas sociedades poidan reforzar os seus fondos propios acudindo ao mercado investidor e financiar os seus respectivos procesos de adaptación empresarial e industrial sen maiores custos públicos.

O artigo 3 modifica a redacción do punto 2 do artigo 14 da Lei 5/1996 para facelo compatible co disposto na disposición transitoria.